

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2019/3	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito.»
Data	8 de marzo de 2019
Duración	Desde as 8:36 ata as 10:11 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Marcos Besada Pérez
Secretario	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

.	Nome e Apelidos	Asiste
.	Carla M ^a Pérez Pérez	SÍ
.	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
.	José Luís González Rodríguez	SÍ
.	Marcos Besada Pérez	SÍ
.	Miguel González González	SÍ
.	Mirian González Rodríguez	SÍ
.	M ^a Dolores Castiñeira Alén	SÍ
.	M ^a Teresa Pérez González	SÍ
.	Primitivo González Rodríguez	SÍ
.	Santiago Rodríguez Davila	SÍ

.	Sergio Curra Moreira	NON
.	Verónica Tourón Domínguez	SÍ
.	Ángela Ledo Souto	SÍ
.	Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 554/2019. Aprobación de expediente extraxudicial de crédito núm. 1/2019

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 6, En contra: 7,
Abstencións: 0, Ausentes: 0

Sr. Alcalde: Da lectura a proposta que literalmente dí:

“Resultando preciso recoñecer obrigas pendentes de aplicar ao Orzamento cando está constatada a efectiva prestación dos servizos e subministros de bens e servizos por parte dos terceiros, e constan no expediente as facturas e documentos xustificativos acreditativos de cada un dos gastos debidamente conformadas polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Considerando que o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, establece: “Corresponderá ao Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria...”

Visto o informe do Interventor municipal núm. 2019-0032, coa correspondente nota de reparo.

Considerando que o artigo 217.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (R.D. Lexislativo. 2/2004, de 5 de marzo) atribúe ao Pleno da Entidade a resolución dos reparos formulados pola Intervención municipal cando é por insuficiencia ou inadecuación de crédito.

En atención ao exposto, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2019 correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan no Anexo adxunto, ascendendo a un total de 998.883,87 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2019; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal."

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2019 correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan no Anexo adxunto, ascendendo a un total de 998.883,87 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2019; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal."

Sr. Alcalde: Estamos a 8 de marzo, seguramente este non é o mellor día para a celebración deste pleno, aproveito tamén para convidar a todos/as á convocatoria que temos as 12h. na praza do Concello e tamén a todas as mobilizacións que no día de hoxe se están organizando en todo o país; pero tamén é certo que certas urxencias e certas necesidades do día a día nos obrigan á convocatoria deste pleno, porque como xa se explicará a continuación, é urxente aprobar este expediente extraxudicial de crédito para facer fronte ás obrigas do Concello e para non poñer en risco a facenda municipal.

Sra. Valcarcel Fernández: Recordar a todos que hoxe é 8 de marzo día internacional da muller e me parece moi pouco ético convocar un pleno para hoxe, limitando a liberdade de exercer ou non o dereito á folga e obrigándonos a asistir ao pleno. ¿onde quedou o se apoio de fai un ano? Este é un tema tan importante que de verdade non puido lo outro día e respectar o noso día? respectando as súas propias concelleiras que fai un ano secundaron a folga e non asistindo ao seu traballo e un ano despois observamos un comportamento totalmente diferente, ou é o pleno para xustificar o pago do día? O 8 de marzo son todos os 365 días do ano nos que debemos loitar pola igualdade e polos dereitos.

Sra. Tourón Domínguez (PSdeG-PSOE): Ás 8:30 da mañá non é de recibo facer un pleno, hai que ter en conta a conciliación familiar, ademais acordamos entre todos que os plenos se ían celebrar pola tarde, os ordinarios xa están así establecidos e os extraordinarios debese chegar a acordos para poñer a hora. En canto a día 8 de marzo non me parece o día correcto para esta convocatoria, se nos limita o noso dereito a folga, o ano pasado as Concelleiras fixeron folga. É verdade que o 8 M é todo o ano pero dicirlle a compañeira Angela que o 8 M non é un día de celebración, para celebrar a igualdade hai que tela, creo que realmente non temos igualdade e creo que debemos loitar por ela as mulleres pero tamén os homes.

Sra. Castiñeira Alén: Recoñecín e recoñezo que o 8 M non é o mellor día para celebrar o pleno, pero tamén debido ás necesidades e urxencias, corremos o risco de non chegar ao pagamento das facturas de axuda no fogar, sigo dicindo que non é o mellor

día, dicir que o feminismo non é unha cuestión de todos o días é unha cuestión de vivir, de sentilo e exercelo.

Tráese a este pleno o primeiro recoñecemento extraxudicial de créditos do ano 2019, o ano 2018 foi un ano moi complexo, pasaron polo departamento de intervención tres interventores, este último é acumulado de Cangas e ven unha vez a semana.

O expediente está conformado por diferentes documentos entre eles as retencións de créditos pertinentes para afrontar o pago destas facturas que conforman o recoñecemento de créditos, ademais dos documentos de conformidade de cada área, un listado que ascende a 998.883,87 euros, que podemos dividir en catro grandes lotes: inversións realizadas no 2017, inversións realizadas no 2018, facturas do 2017 e 2018 e facturas do 2018 que tiveron entrada no 2019; destacar o importe da axuda no fogar (SAF) que o debemos pagar antes do 31 de marzo, servizo SAF imprescindible para as políticas deste goberno, e que nos últimos anos tiveron un incremento de horas o que levou precisamente a este aumento no importe, como xa dicía corremos o risco de perder esta subvención se non somos quen de pagar este recoñecemento extraxudicial antes do 31 de marzo, destacar tamén a cantidade de facturas relacionadas con todo o acontecido no 2018: cicloxénese, os fogos que nos asolaron, o que houbo que facer medidas concretas, pluviais, atender a necesidades concretas da nosa veciñanza, tamén dicir que hai facturas que son peticións da oposición a través de rogos e preguntas. Este expediente tamén está conformado polo informe de intervención, dando lectura ao mesmo, que literalmente di:

“

INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO	<i>FISCALIZACIÓN DE RECOÑECEMENTO DE OBRIGAS. Recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2019</i>
DESTINATARIO	<i>Concello PLENO</i>
REFERENCIA	<i>SCM/020/19</i>

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- *Lei 7/85, de 2 de abril, pola que se aproba a Lei Reguladora de Bases de Réxime Local.*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.*
- *Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento Orzamentario.*
- *Lei 9/2017 de Contratos do Sector Publico*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aprobe o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*
- *Bases de Execución do Orzamento en vigor.*

Aoabeiro do establecido no artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, no Real Decreto 424/2017, e nas bases de execución do orzamento, esta Intervención emite o seguinte INFORME:

CONSIDERACIÓNS

Primeira: Existencia de crédito.

O principio de temporalidade dos créditos enúnciase no artigo 176 do Real Decreto Legislativo 2/2004, que establece:

Artículo 176. Temporalidad de los créditos.

1. Con cargo a los créditos del estado de gastos de cada presupuesto sólo podrán contraerse obligaciones derivadas de adquisiciones, obras, servicios y demás prestaciones o gastos en general que se realicen en el año natural del propio ejercicio presupuestario.

2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, se aplicarán a los créditos del presupuesto vigente, en el momento de su reconocimiento, las obligaciones siguientes:

- a. Las que resulten de la liquidación de atrasos a favor del personal que perciba sus retribuciones con cargo a los presupuestos generales de la entidad local.
- b. Las derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en ejercicios anteriores, previa incorporación de los créditos en el supuesto establecido en el artículo 182.3.

En este punto, o artigo 26 do Real decreto 500/1990, inclúe como excepción ao principio de temporalidade dos créditos, ademais dos establecidos polo texto legal, o recurso ao recoñecemento extraxudicial de créditos, mecanismo mediante o que, con cargo aos créditos do estado de gastos do orzamento en vigor, poden imputarse ao mesmo obrigas contraídas en exercicios anteriores, que no seu día non foron imputadas ao orzamento correspondente.

Esta é unha figura **excepcional**, por canto supón unha vulneración do principio de temporalidade dos créditos.

Sen embargo, a súa existencia responde, en esencia, á necesidade de **evitar o enriquecemento inxusto** da Administración actuante na medida na que o terceiro acredor, unha vez cumprida de boa fe a súa prestación, ten dereito a obter o importe da xusta contraprestación (así o sinalan numerosas sentencias dos Tribunais do Contencioso Administrativo), sen que un mal funcionamento da Administración poida perxudicar ao acredor á vez que beneficiar a quen infrinxiu a normativa.

Deste xeito, a través da figura do recoñecemento extraxudicial, vense a producir unha sorte de convalidación da actuación administrativa, permitindo dar cobertura orzamentaria aos gastos de que se trate.

Unha vez advertido o anterior, esta Intervención informa que existe crédito suficiente nas aplicacións adecuadas do orzamento para 2019 (prorrogado de 2018) para a imputación das obrigas cuxa aprobación se propón.

Advírtese expresamente, sen embargo, que a aprobación do presente recoñecemento extraxudicial, coa conseguinte imputación de obrigas deveñadas en exercicios anteriores ao orzamento corrente, deberá compensarse con economías no gasto, a efectos de evitar que a aplicación de gastos de exercicios anteriores ao presente derive na insuficiencia de crédito para o financiamento dos gastos propios do exercicio corrente.

Advírtese expresamente que o presente recoñecemento extraxudicial, por importe de 998.883,87 euros, supón dispoñer do 25,21 por cento dos créditos iniciais do orzamento prorrogado (3.960.901,71 euros).

Á súa vez, se extraemos o importe correspondente a gastos de investimento (Capítulo VI, que suma 83.111,18 euros), obtemos que ao Capítulo II se imputa un importe total de 915.772,69 euros, o que supón a disposición do 46,64 por cento do importe a nivel de previsión inicial para o Capítulo II (1.963.247,43 euros).

Tendo en conta a data actual, parece difícil que os créditos restantes resulten suficientes para afrontar os gastos que presumiblemente se van deveñar no presente exercicio. Por iso, se reitera a necesidade de aplicar un plan exhaustivo de contención e selección do gasto a efectos de evitar que a situación financeira do Concello se torne insostible, así como para evitar que se reitere no tempo a necesidade de acudir a expediente de recoñecemento extraxudicial que, como se sinala máis arriba, están ou deben estar caracterizados pola súa excepcionalidade.

Segunda: Competencia.

Tanto o artigo 23.1.e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de Abril, como o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, coinciden en atribuír ao Pleno da Corporación a competencia para aprobar o recoñecemento extraxudicial de créditos sempre que non exista dotación orzamentaria, sen que se esixa unha maioría especial para a súa aprobación. Enténdese que a referencia á dotación orzamentaria se refire a aplicacións orzamentarias especificamente habilitadas para o recoñecemento extraxudicial.

Sendo que neste caso non existen unha aplicacións orzamentarias específicas para a imputación das obrigas, interprétase que a competencia será do Pleno.

Terceira: Consideracións

1.- De acordo co Real Decreto Legislativo 2/2004, a xestión dos créditos orzamentarios deberá producirse de acordo cos principios que se enuncian nos seguintes artigos, aos que habería que engadir o principio de temporalidade xa enunciado:

Artículo 172. Especialidad y limitación de los créditos.

1. Los créditos para gastos se destinarán exclusivamente a la finalidad específica para la cual hayan sido autorizados en el presupuesto general de la entidad local o por sus modificaciones debidamente aprobadas.
2. Los créditos autorizados tienen carácter limitativo y vinculante. (...)

Artículo 173. Exigibilidad de las obligaciones, prerrogativas y limitación de los compromisos de gasto.

1. Las obligaciones de pago sólo serán exigibles de la hacienda local cuando resulten de la ejecución de sus respectivos presupuestos, con los límites señalados en el artículo anterior, o de sentencia judicial firme.

(...)

5. No podrán adquirirse compromisos de gastos por cuantía superior al importe de los créditos autorizados en los estados de gastos, siendo nulos de pleno derecho los acuerdos, resoluciones y actos administrativos que infrinjan la expresada norma, sin perjuicio de las responsabilidades a que haya lugar.

(...)

Respecto das responsabilidades, o artigo 49.1 da Lei 7/1988, de funcionamento do Tribunal de Cuentas, establece que:

“Artículo 49

1. La jurisdicción contable conocerá de las pretensiones de responsabilidad que, desprendiéndose de las cuentas que deben rendir todos cuantos tengan a su cargo el manejo de caudales o efectos públicos, se deduzcan contra los mismos cuando, con dolo, culpa o negligencia graves, originaren menoscabo en dichos caudales o efectos a consecuencia de acciones u omisiones contrarias a las leyes reguladoras del régimen presupuestario y de contabilidad que resulte aplicable a las entidades del sector público o, en su caso, a las personas o entidades receptoras de subvenciones, créditos, avales u otras ayudas procedentes de dicho sector. Sólo conocerá de las responsabilidades subsidiarias, cuando la responsabilidad directa, previamente declarada y no hecha efectiva, sea contable.”

Máis recentemente, a Lei 19/2013, de Transparencia y Buen Gobierno, tipifica como infracción moi grave en materia económico-presupostaria (artigo 28.c)

“Los compromisos de gastos, reconocimiento de obligaciones y ordenación de pagos

sin crédito suficiente para realizarlos o con infracción de lo dispuesto en la [Ley 47/2003, de 26 de noviembre, General Presupuestaria](#), o en la de Presupuestos u otra normativa presupuestaria que sea aplicable.”

Por último, de acordo co artigo 34 da Lei 39/2015, “Los actos administrativos que dicten las Administraciones Públicas, bien de oficio o a instancia del interesado, se producirán por el órgano competente ajustándose a los requisitos y al procedimiento establecido”, incorrendo en caso contrario en vicio de ilegalidade, que pode ser constitutivo de nulidade ou anulabilidade, de acordo co disposto no propio texto legal citado e na normativa sectorial, motivo polo resulta necesario convalidar os gastos con carácter previo ao recoñecemento das obrigas correspondentes.

O recoñecemento extraxudicial de créditos, ou de débeda, consiste nun acto administrativo mediante o que se admite a existencia dunha obriga fronte a terceiros derivada da previa realización dun gasto que non foi aplicado ao orzamento do exercicio en que se produce, ben por descoñecemento dos principios e normativa de execución orzamentaria, ben por infracción das distintas normativas sectoriais aplicables en función da natureza do gasto.

Debido a esta natureza excepcional, o recoñecemento extraxudicial supón a convalidación dos vicios de que adoececeron unha serie de gastos que non permitiron no seu día a correcta imputación orzamentaria e o válido nacemento da obrigacorrespondente para a Facenda Local.

No presente recoñecemento extraxudicial inclúense gastos correspondentes a exercicios anteriores que se imputan ao orzamento de 2019, que teñen como causa para a súa non imputación ao exercicio correspondente ou ben a presentación extemporánea das facturas que xustifican os gastos de que se trata, de xeito que non puideron ser imputadas ao exercicio en que se realizaron os gastos por falta de presentación dos xustificantes, ou ben por defecto de consignación orzamentaria, a cuxo efecto se teñen aquí por reiteradas as advertencias realizadas no presente informe

Cómpre, en fin, sinalar que se dan por reiterados en este punto os reparos emitidos e reiterados por esta Intervención respecto de distintos gastos de carácter reiterativo que se conteñen na relación anexa, e que fan referencia, en especial, á carencia de contratos para servizos ou subministros que, pola súa natureza e carácter reiterado, non poden ser considerados como contratos menores.

Por último, advírtese que a existencia de facturas sen tramitar ata o día da data, determina, ademáis de todo o anterior, o incumprimento da orde de prelación na tramitación de expedientes establecido pola Lei 30/1992, sen que se xustifique adecuadamente o motivo da alteración desta prelación. A este respecto, establece o artigo 74 do citado texto legal que :

“En el despacho de los expedientes se guardará el orden riguroso de incoación en asuntos de homogénea naturaleza, salvo que por el titular de la unidad administrativa se dé orden motivada en contrario, de la que quede constancia. El incumplimiento de lo dispuesto en el párrafo anterior dará lugar a la exigencia de responsabilidad disciplinaria del infractor o, en su caso, será causa de remoción del puesto de trabajo.”

O artigo 71 da Lei 39/2015, que substitúe o anterior, reitera esta previsión :

2. En el despacho de los expedientes se guardará el orden riguroso de incoación en asuntos de homogénea naturaleza, salvo que por el titular de la unidad administrativa se dé orden motivada en contrario, de la que quede constancia.

El incumplimiento de lo dispuesto en el párrafo anterior dará lugar a la exigencia de responsabilidad disciplinaria del infractor y, en su caso, será causa de remoción del puesto de trabajo.

CONCLUSIÓNS

A imputación de gastos correspondentes a exercicios anteriores ao orzamento en vigor mediante o recoñecemento extraxudicial de créditos é unha figura permitida polo ordenamento xurídico.

Esta é unha figura excepcional, por canto supón convalidar obrigas que en orixe, polo motivo que fose, non puideron nacer á vida xurídica de acordo, no presente caso, co establecido na normativa orzamentaria.

Os gastos que se conteñen na relación anexa, na súa maioría, son gastos reiterativos, respecto dos que esta Intervención se ven pronunciando en sucesivos informes, pronunciamentos que se dan aquí por reiterados, cos reparos formulados ao respecto. Reitéranse as advertencias respecto da realización de gastos sen consignación orzamentaria, o que motiva á súa vez a emisión de informe de reparo.”

Dicir tamén que o Concello é a administración máis próxima aos cidadáns e polo tanto a primeira en responder as súas necesidades, pretensións e demandas. Este goberno levou a cabo determinados gastos correspondentes ao subministro de bens todos eles necesarios e indispensables para garantir diferentes servizos que presta este Concello.

Sra. Tourón Domínguez: Antes de dar comezo ao debate deste punto queremos pedir a retirada da orde do día deste punto e que se traian só as facturas de axuda no fogar para que non se perda a subvención, ou que o Alcalde na súa potestade modifique o punto da orde do día neste momento e se permita pagar as facturas de axuda no fogar para que non se perda a subvención e deixar o resto enriba da mesa.

Sr. Alcalde: Non se vai a aceptar, non hai neste momento motivación para que iso suceda, vou a ler, que cando a petición dun asunto se deixe sobre a mesa, cando carece de motivación, como é o caso, ademais non seguir o seu procedemento pode supoñer danos e prexuízos ao Concello, da lectura ao artigo 92.2 do ROF.

É evidente que neste caso non hai ningún tipo de motivación, é evidente que o que hai que facer é pagarlle aos provedores polos servizos e obras executadas, é evidente, tamén, que polo Grupo do Partido Socialista existe a labor de entorpecer, obstaculizar e ralentizar sistematicamente a acción do goberno, e tamén, como non existe sobre a mesa unha proposta técnica fundamentada e firme por parte do PSOE, o expediente está completo, e por tanto existe tamén a responsabilidade patrimonial dos cargos o servizo prestouse. O único motivo para non votar era que o servizo ou a obra non estivera feito, cousa que neste caso non acontece.

Sra. Tourón Domínguez: A motivación a dixo a Concelleira cando expuxo o tema, ela mesma di que si non se aprobaban a facturas de Axuda no fogar perderíase a subvención, o Grupo Socialista está dando a oportunidade de que se aprobe estas facturas de Axuda no Fogar.

Sr. Núñez Troncoso: O informe que nos acaba de ler é sempre o mesmo, a pena é que ven sen asinar por un técnico municipal, neste caso, pola Secretaría Xeral. Responder a Concelleira, que cargar toda a responsabilidade deste recoñecemento ao Interventor Municipal, que vostede diga que o problema deste recoñecemento extraxudicial é do Interventor “apaga e imos”. Di que hai risco de perder a subvención de Axuda no Fogar, este expediente se puido traer antes, pero o problema do SAF é que temos facturas dende o mes de xullo sen pagar, porque non trouxo os Orzamento de 2019, ou do 2018, ou 2017, ou 2015? Entre outros ese é o problema de que non estean pagadas esas facturas- O da cicloxenesi xa foi no 2017, se entran as facturas un ano máis tarde. Porqué entran as facturas un ano máis tarde de facer eses traballos? Di tamén que moitos deses traballos son dos que este Grupo reclamou a través dos rogos, algún se faría pero tamén se gastou moito en servizos xurídicos, en pagar terreos que se ocupan sen ningún tipo de procedemento, etc... Di que hai crédito suficiente, so faltaría que en dous meses que lemos de ano non houbese crédito, pero que isto mesmo no lo dixeron o ano pasado, e fai dous anos, e seguimos nas mesmas, ou máis grave. A figura do recoñecemento xa sabemos que esta regulado, o di o informe de intervención, o di a lei, é unha figura que existe para casos excepcionais, como ben di o informe, pero este non é un caso excepcional, é unha desfeita en toda a regra. Entendemos que non hai máis facturas pendentes de pagar ata a data, temos pendente a da festas dos callos do 2018 neste listado non está, entendemos que a data de hoxe este grupo municipal non ten ningunha responsabilidade con respecto a que esas facturas estean sen recoñecer, é competencia do pleno. Recoñecer as facturas do gasto ordinario, do día a día do funcionamento do Concello, non é competencia do Pleno. A contratación dos servizos, sobre todo en reparacións, mantemento, inversións non se lle preguntou a

este Grupo se estaba de acordo en ter ese tipo de reparación, ou de inversións, a cuestión é que facemos aquí? Se este pleno non é responsable de recoñecer as facturas do día a día, este grupo non é responsable de que se fixeran certas actuacións, que facemos aquí? Por qué hai esta sesión plenaria? Hai esta sesión plenaria por unha nefasta xestión económica, demora de pago a provedores de máis de 30 días, xa non digo un mes ni dous meses pero é que hai algunha de máis dun ano, irresponsabilidade clara e manifesta do Alcalde e do Grupo de Goberno, máis de tres anos sen presentar os orzamentos, compromisos de gastos sen crédito, xa o día o informe de intervención.

Porque non se presentaron os orzamentos do 2019? non se chamou a este grupo para negociar ningún orzamento. Xa o dicíamos no expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 1/2018 que este ano ía a ser maior e máis o será para o ano 2020. Onde esta a transparencia? O 27 de febreiro pedimos pola sede electrónica que se incorporaran a este expediente todas as facturas deste recoñecemento, se nos di en Comisión que isto é imposible, e non sabemos si crelo ou non, pois vimos pedindo facturas dende maio de 2018 e aínda hoxe estamos esperando. Pedimos as facturas para ver o concepto desas facturas pois si collemos o listado, por exemplo, hai un factura que pon "funda pistola" de 4.693 €, isto que é? É da policía local? por iso queriamos saber o concepto. A demora aos provedores, a lei estipula 30 días a verdade é que 30 días é difícil, xa non digo 30, digo 60, pero estamos falando de facturas do ano 2017, que entraron a maioría en febreiro e marzo do 2018, por qué non se fixo outro recoñecemento de crédito no ano 2018 para incorporar esas facturas? Non se fixo porque a esa data xa non había crédito, o mesmo que vai pasar agora si se aproba este recoñecemento, que xa o advirte o informe de intervención.

A responsabilidade do Alcalde e do Goberno existe e non é deste Grupo da oposición. A empresa que presta o SAF leva dende xuño sen cobrar, unha empresa pequena que se lle debe máis de 212.000 €, vostede cree que unha pequena empresa pode aguantar sen cobrar 212.000 €?, e despois gastamos ao mes 1500 € en vídeos propagandísticos dende abril, 18.000 € ao ano, e é curioso pois esas facturas están todas pagadas, ou outras facturas de publicidade e propaganda máis 30.000 € que están neste recoñecemento. Temos facturas do alumado público dende maio de 2018 sen pagar, electricidade dos centros escolares dende xullo sen pagar, consumos de maio de 2018 sen pagar, electricidade das instalacións deportivas dende xullo sen pagar, seguro do tractor dende decembro sen pagar, o seguro do CDL do Torrón dende marzo de 2018 sen pagar, responsabilidade civil do concello sen pagar dende decembro de 2018, combustible do centro de saúde un factura do 2017 sen pagar, a roupa dos empregados municipais desde xullo de 2018 e máis. A orde de prelación de pago, que tamén o di no informe de intervención, temos factura de publicidade e propaganda dende marzo sen pagar e si facemos a comparativa cos vídeos propagandísticos resulta que están ao día, ata se debe unha tortilla de 12 € dende decembro de 2017, temos tamén facturas de inversión de 72600 €, e das facturas que se intentan colar e se lle colan a intervención por conservación e reparación, que

todos sabemos que son inversión.

Tamén se fala no informe de intervención do incumprimento da Lei de contratos, como servizos e subministracións sen ningún tipo de contratación. En canto ás asignacións aos grupos políticos do 2017, no ultimo pleno presentamos unha moción para que os grupos políticos xustificaran a subvención que recibiron durante o 2015, 2016 e 2018, porque quere pagar pola porta de atras esa asignación aos grupos políticos incluído o seu, cal é o problema? Ou é que non ten facturas para xustificar esa asignación do 2015, 2016 e 2018?. Din vostedes en nota de prensa “supervivencia das empresas e autónomos” é que este grupo ten unha responsabilidade na supervivencia das empresas e autónomos? Lemos con facturas sen pagar de máis dun ano é a responsabilidade é do Grupo Popular?

Sr. Alcalde: a partir de hoxe si.

Sr. Nuñez Troncoso: a responsabilidade é súa, vou ler parte do informe de intervención respecto das consecuencia de aprobar este expediente de recoñecemento de extraxudicial. Xa para rematar vou ensinar unha gráfica do que é a evolución do recoñecemento extraxudicial de crédito dende o ano 2013, vexan vostedes onde están os picos, están en ano electoral, 2013-2014 apenas se ve a gráfica, 2015-2016 ano electoral empeza a deslumbrar, 2017-2018 ano intermedio baixa, 2019 ano electoral xa se dispara a gráfica para o 2020 este folio A3 non vai chegar. Por outra banda temos o sentido do voto deste grupo, sendo coherentes sempre dixemos que non ter un recoñecemento é difícil, pero recoñecemento razoable, 100, 150, 200 mil euros ao ano entra dentro duns parámetros razoables, non imos a votar a favor porque sería recoñecer a xestión do Alcalde, votaremos en contra seguindo a mesma liña ata agora. Respecto aos provedores estamos totalmente de acordo con que aos provedores hai que pagarlles, aquí o problema non son os provedores aquí o problema é o responsable que temos ao fronte do Concello, que encarga traballos a sabendas de que non os pode pagar. Este grupo non vai ser cómplice deste auténtica desfeita.

Sra. Castiñeira Alén: Parece mentira que vostede lle falte o respecto ao Interventor, vostedes creen o que din respecto a que se lle colan facturas ao Interventor convidoos a denunciálo, como xa o fixo en plena campaña, levarnos a fiscalía, e convido a que faga as denuncias pertinentes. Teñen vostedes esa teima de poñer en cuestión o traballo de intervención, e das empresas e dos provedores que dedican servizos e traballos a este Concello, temos un exemplo hai moi pouquiño, poñen en cuestión as facturas deste Concello, cuestionan continuamente a intelixencia dos traballadores deste Concello. En canto a desfeita, xa o llo dixen en Comisión informativa. cando lle falei do cumprimento da estabilidade económica, faleille do período medio de pago de 49 días, cumprimos a estabilidade orzamentaria, cumpríamos a regra de gasto, o remanente de tesourería era positivo, unha vez incorporado este REC eses datos sufrirán lixeiras diferenzas, esta liquidación

verémola antes do 31 de marzo que é a nosa obriga enviala, en quince días aproximadamente teremos o resultado. Repito, cos datos económicos, os parámetros económicos do ano 2018 son todos positivos e logo, adiántolles que os datos definitivos non teremos nin sequera a necesidade de realizar un plan de axuste económico, eses son os datos deste Concello, lee o seguinte: *“A aprobación en pleno mediante a fórmula do REC un procedemento ordinario existente a disposición dos Concellos para evitar prexuízos aos provedores que nada ten que ver co que eles chaman, limpar caixóns, non seguir o procedemento adecuado, incumprir as normas do nefasto do control do gasto económico, se non todo o contrario este recoñecemento levase a cabo cumprindo rigurosamente a normativa orzamentaria e empregando fórmula legais establecidas, aínda que o queirades disfrazar de negligencia e ilegalidade con un fin puramente político. Asinado Nidia Arévalo.”*

En canto ao acceso ás facturas, lles repito o que lles expliquei na Comisión informativa, subir 1400 facturas, así nas manifestaron as administrativas de intervención, era sumamente dificultoso, pero seguindo escrupulosamente a lei e consultada a Secretaría, púxose un punto de consulta, hoxe día do pleno, Santiago non abriches nin sequera o correo onde se facilitaba ese punto, onde se podían consultar as facturas, non me estraña que agora non vos decatedes de nada e non saibades que a funda de pistola era material obrigatoria que necesitaba a policía. Joaquín eses 1.500 euros en vídeos como vostede lle chama, nos chamámoslle transparencia á cidadanía. Vou dar dous datos, Recoñecemento extraxudicial de crédito do Concello de Salvaterra 2018: 2.171.883,23 €; recoñecemento de créditos de Salvaterra 2019: 1.028.627,99. En canto ás subvencións dos partidos políticos, existe un Órgano que se chama Consello de Contas que se encarga de fiscalizar esas subvencións

Sra. Tourón Domínguez: Paréceme triste que esteamos aquí facendo chistes dunha tortilla de 14,52 €, nomeando a Nidia Arévalo e a Salvaterra de Miño, cando temos enriba da mesa un millón de euros cun recoñecemento de extraxudicial de créditos, levo tempo dicindo que temos que empezar a debater no fondo do asunto e non cousas que quedan por aí, que a todos nos fai graza, pero temos un recoñecemento extraxudicial de créditos, e moito maior a todo iso é a deriva que estamos collendo, é verdade, eu non vou defender a xestión de Salvaterra, pero polo menos pasou de dous millóns e pico a un millón e pico e nos pasamos de tres centos mil a un millón. Gustaríame dicirlle á Concalleira de Contas se foi o Interventor o que lle dixo que gastaran un millón de euros sen orzamento, o problema non é que só veña un día ou que estivo de baixa, se non se gastara un millón de euros non facía falta este recoñecemento. Non vou entrar en cantidades pois xa fixo un repaso exhaustivo o compañeiro do PP e tamén leu o párrafo do informe do interventor onde se dicía que en dous meses que levamos de ano había orzamento, faltaría máis, hai que ter en conta que este millón de euros do recoñecemento extraxudicial de créditos que se trae a aprobar aquí, diminúe o orzamento de 2019 nun millón de euros.

Falaba a Concelleira de Facenda que era un procedemento normal, traéndoo aquí como Movemento Salceda quen paga a luz ao final de mes cando pasa polo banco, este é un instrumento excepcional, non é habitual nin é normal. Gustaríame recordar que no 2016, na aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito de 640 000 €, o Partido Socialista presentou unha serie de medidas, cinco medidas, que se deberían empezar a aplicar para que isto non volveuse a acontecer, é verdade que o Sr. Alcalde no seu “bo facer” de non querer chegar acordos con ninguén, non aplicou ni unha sola destas medidas, e agora en vez de 640 000 temos un millón e quen está a sufrir as consecuencias son os provedores do Concello a quen se lles da os traballos sen ningún tipo de retención de crédito, nin ningunha medida para que poidan cobrar en tempo e forma, é verdade que me sorprende escoitar aos compañeiros de que as facturas das Festas do callos 2018 están pagadas, parabéns, ao mellor aos provedores desa mesma área que teñan facturas sen cobrar dende maio igual non lles gusta tanto a idea, isto é un cachondeo, segundo entra unha factura depende quen presente a factura se paga ou non se paga. En canto aos vídeos, me gustaría saber como se adxudicou os 18.000 € anuais que se lle pagan a esa empresa polos vídeos, como a xestionaron que uns vídeos do concello custan 1512 € ao mes, por que é increíble, é unha auténtica barbaridade.

Falaba a Concelleira de facturas imprescindibles relacionadas cos incendios, cicloxenesis etc... é verdade que se arranxaron cousas deses estragos, pero tamén é verdade que arranxaron aquel ou aquelas cousas que eles quixeron, por que todos sabemos que houbo veciños e veciñas que tiveron que arranxar camiños porque ninguén lle facía caso e se cansaron de esperar, unha factura máis ou menos os veciños non terían que poñer do peto deles eses arranxos. En canto as facturas do SAF xa o dixen, é unha barbaridade o que se lle debe a unha empresa como esa, é verdade que se aumentaron as horas, a miña pregunta é, era necesario aumentar as horas no 2018 a un ano das eleccións? Sorprende cando a Concelleira lle recrimina ao compañeiro do Partido Popular que non consultase as facturas, creo que se nos sentamos os dous no único ordenador que nos deixaron para consultar as facturas, pois o mellor volveríamos a saír na prensa como a pinza do PP e PSOE, non se pode dicir que nos deixan un ordenador que temos que compartir en horario laboral.

En canto ao tema da publicidade, a responsabilidade non é dos medios de comunicación a responsabilidade é do Concello pois non ten para pagar cousas importantes e nos dedicamos a facer publicidade e maquillar Salceda, e despois pagamos unha factura dunha xornada de 1500 € por saír na radio, esas cousas fanse cando están saneados o resto dos temas importantes de Salceda, esas son as formas de gobernar que ten este Goberno. O importe é que como continuemos así calquera día imos entrar e non cobrar nin os traballadores, nin os servizos básicos, nin nada, creo que isto hai que poñerlle punto e final. Eu non vou ser responsable como portavoz nin o grupo Socialista non imos a ser responsables nin nos imos a considerar responsables, nin cómplices, nin culpables, porque non o somos, nós non

gastamos un millón de euros sen orzamentos, nin se nos consultou, é verdade que non teñen porque facelo. Que non se volva a mirar na prensa o que se mirou nestes días pois senón nos imos a ter que responder como se debe, porque xa está ben, parece que un fai o que quere e despois cando a cousa non vai ben imos levalo ao pleno ante o Partido Popular e o Partido Socialista e lles votamos as culpas. En canto á democracia e transparencia da que fala a Concelleira de Facenda, democracia e transparencia non é traer un millón de euros dous meses antes das eleccións para dicir que se presentan as eleccións limpos e honestos, non, democracia e transparencia é traer aquí uns orzamentos todos os anos para que poidamos debatelos, apoialos ou non e presentar, como Concelleiros representantes do pobo de Salceda as nosas emendas, o demais é gastar un millón de euros sen partida orzamentaria.

Sra. Castiñeira Alen: Nesta intervención de Verónica volta a faltarlle ao respecto ao traballo de intervención e volta a cuestionar as súas funcións, deberían facerllo mirar, e repito, anímovos a denunciálo. En canto ao uso do ordenador xa o dixen na Comisión Informativa houbo unha petición por escrito do Partido Popular e cumprindo a legalidade facilitóuselle un punto de consulta, díxenlle ao PSOE que me fixerades saber si vos o queríades consultar tamén e poría outro punto, incluso un portátil.

Sra. Tourón Domínguez: Vostede pensa que se poden consultar 1400 facturas en dúas mañás en horario de laboral?

Sra. Castiñeira Alén: Aquí o que se trae a aprobar é un REC. A cuestión é pagarlle ou non pagarlle aos provedores polos servizos que prestaron e que están recoñecidos.

Sr. Nuñez Troncoso: Se nos di que nos que faltamos ao respecto a intervención, este que lles fala xamais lle faltou ao respecto á labor que fai intervención, que cos poucos medios que ten xa bastante fai, o mellor falta máis persoal e menos políticos con dedicación, aquí o que dixemos é que entran facturas en convivencia cos provedores para que no concello poñan conservación e reparación e loxicamente intervención cos poucos medios que ten lee conservación e reparación e o pon en inversión, iso non é faltarlle o respecto ao intervención municipal. A empresa de limpeza pola factura de limpeza de cristais do local de Movemento Salceda, un gasto que non ten que asumir o este Concello, se nós non chegamos a denunciar esa factura ía a estar aquí. En canto aos datos que menciona a Concelleira con respecto das Contas non sei de onde o saca, hai un informe de intervención de hai dous meses que di todo o contrario e a liquidación de 2017 di que hai que elaborar un plan económico financeiro, o informe de intervención confirma que a data de hoxe ese plan está sen aprobar e as graves consecuencias da non elaboración dese plan.

Con respecto ao punto de consulta das facturas, vostede cre que en tres días de xornada laboral é posible ver 1423 facturas? e vendo os antecedentes que temos xa

dende maio vimos pedindo facturas e a día de hoxe non as temos que imos a esperar diso, por certo non vemos ningunha nómina de vostede aquí neste recoñecemento, Di vostede o que gasta Mos ou Salvaterra, aos que estamos aquí non nos importe o que gastan Mos ou Salvaterra, nos importe Salceda e o que tiña que amosar é esta gráfica (ensina gráfica) que vai a cargo dos impostos dos que vivimos en Salceda.

En canto a asignación dos grupos eu non quero dicir que se pretenda pagar pola porta de atrás, só quero dicir que nós presentamos a moción e o PSOE abstívose, cal é o problema que os grupos traian a este pleno as facturas das asignacións percibidas ata agora, e que non se paguen mentres non se xustifiquen as anteriores? porque se abstivo? Din que está o Consello de Contas para fiscalizar, vostedes teñen unha resolución dese Consello dende o ano 2009 e non se lle fixo máis caso, e vostede ben sabe o que dicía ese informe, para que queren o informe se non lle fai caso? Teñen que darse conta que están en minoría o que tiñan que facer e chegar ao consenso con todos os grupos para elaborar uns orzamentos, nin unha vez se dignou a levantar o telefono para elaborar uns orzamentos, como outras cousas, como plan xeral, etc... Nin unha vez, entón non pretenda cargarnos a nos a responsabilidade desta desfeita, por nos non imos a permitir iso, nin somos responsables, nin cómplices nin nada polo estilo, responsable ou cómplices será os membros do Goberno.

Sr. Alcalde: Lee novamente a proposta antes de sometela a votación.

VOTACIÓN: Por 6 votos a favor de Movemento Salceda e 7 votos en contra dos grupos do Partido Popular (5) e PSdeG - PSOE (2) queda rexeitada a adopción o seguinte acordo:

Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 1/2019 correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan no Anexo adxunto, ascendendo a un total de 998.883,87 euros, aos efectos de dar aos mesmos a oportuna aplicación con cargo ao Orzamento do exercicio 2019; previo levantamento do reparo formulado ao efecto pola Intervención municipal.”

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE